



RESOLUCIÓN do 14 de maio de 2024 da Universidade da Coruña, para nomear e publicar a composición da comisión que valorará o concurso específico para a provisión do posto de traballo núm. 24 da Xefatura do Servizo de Rexistro, documentación e arquivo, correspondente ao persoal funcionario de administración e servizos.

Mediante resolución do 30 de outubro de 2023 (DOG 10 de novembro), convocouse o concurso específico para a provisión de dous postos de traballo correspondentes ao persoal funcionario de administración e servizos da Universidade da Coruña.

Por resolución da secretaria xeral da UDC do 5 de marzo de 2024 admitiuse o recurso de alzada presentado por Teresa Aldao Cadierno e acordouse suspender a execución do acordo adoptado o 19 de febreiro de 2024 (publicado na sede o 29 de febreiro) pola comisión encargada de valorar o concurso específico, só no que atinxe ao posto núm. 24 da Xefatura do Servizo de Rexistro, documentación e Arquivo.

Na resolución do 2 de abril de 2024, a secretaria xeral estima parcialmente o recurso de alzada presentado e, no que atinxe ao posto núm. 24 citado, anula o acordo da comisión adoptado o 19 de febreiro e ordena:

- *A retroacción das actuacións ata o momento inmediatamente anterior á constitución da Comisión de valoración.*
- *Á Xerencia que convoque á Comisión suplente para que se constitúa e prosiga coas actuacións, e ás persoas candidatas a efectos de introducir os proxectos en sobres anónimos, todo elo nos termos indicados na consideración xurídica quinta.*

Polo exposto, a Xerencia, no uso das atribucións conferidas no artigo 40 dos Estatutos desta universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG de 26 de maio) e modificados polo Decreto 194/2007 de 11 de outubro (DOG de 17 de outubro), e da delegación de competencias indicada pola Resolución reitoral do 16 de xaneiro de 2024, e conforme ao que establece na base sexta da convocatoria.

RESOLVE

Nomear e publicar a composición da comisión que figura no anexo desta resolución, que valorará o concurso específico para a provisión do posto núm. 24 da Xefatura do Servizo de Rexistro, documentación e arquivo, correspondente ao persoal funcionario da administración e servizos da Universidade da Coruña.

A comisión de valoración terá a categoría primeira das recollidas no Decreto 144/2008, do 26 de xuño, polo que se modifica o Decreto 144/2001, do 7 de xuño, de indemnizacións por razóns de servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

A Coruña,

A xerenta

P.D. reitor (16.01.2024)

María Jesús Grela Barreiro

Código Seguro De Verificación	Ho6d8Id+sQbyoTpUnlP22g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerenta - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	14/05/2024 19:55:42
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Ho6d8Id+sQbyoTpUnlP22g==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





ANEXO

COMISIÓN DE VALORACIÓN

Presidente:

Ramón José Noguerol Gómez, funcionario da Universidade da Coruña

Vogais:

Elena Fernández Dopico, funcionaria da Universidade da Coruña

Manuel Calvo Fariña, funcionario da Universidade da Coruña

Francisca Fernández Prol, funcionaria da Universidade de Vigo

Evaristo García Canosa, funcionario da Xunta de Galicia

Daniel López Rivas, funcionario da Universidade da Coruña

Secretaria:

María Jesús Caínzos López, funcionaria da Universidade da Coruña

Código Seguro De Verificación	Ho6d8Id+sQbyoTpUnlP22g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerenta - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	14/05/2024 19:55:42
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Ho6d8Id+sQbyoTpUnlP22g==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

